

ANEXO I PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMbach

Dirección do proxecto	
Nome: M ^a Esther Martínez-Figueira	
Enderezo electrónico: esthermf@uvigo.es	Teléfono: 986 801 773
Co-dirección do proxecto	
Nome: Silvia Sierra Martínez	
Enderezo electrónico: sierra@uvigo.es	Teléfono: 988 387 101
Bienio	2020-2022
Número de participantes (máx. 4)	4

Título

A revolución dos copiños na formación online: ética ou estratexia?

Resumo

Co estado de alarma, a educación en liña toma un importante impulso. Á vez que moitos estudantes cambiaron o escenario de estudo, a forma de traballar ou de empregar os dispositivos móbiles, moitos outros desenvolveron as súas destrezas para enganar na formación en liña. Diferentes vídeos resultaron virais nas redes sociais onde se compartían aplicacións para facer os deberes, ofrecer trucos para averiguar as respostas correctas dos exames ou tests, facer resumos automáticos ou reorganizar a información para ser presentada de modo diferente e evadir así o software de antiplaxio, resolver problemas matemáticos, analizar sintacticamente frases, realizar traducións de idiomas...

O proxecto de investigación *A revolución dos copiños na formación online: ética ou estratexia?* pretende ofrecer un espazo para a reflexión e o pensamento crítico sobre o uso que se fai das aplicacións na formación en liña. Preténdese demostrar que a ética é unha tarefa aínda pendente, mentres que as habilidades dixitais dos estudantes están máis evolucionadas que as da algúns profesores/as.

Obxectivos

- Coñecer as características das aplicacións que permiten trampas na formación en liña.
- Coñecer o discurso que os/as menores fan fronte a esta realidade: é unha cuestión de ética ou de estratexia?
- Analizar o pensamento crítico dos adolescentes ante as mensaxes ocultas que se transmiten a través das redes sociais sobre este asunto.

Plan de traballo

O plan de traballo previsto é:

- Realizar un obradoiro teórico-práctico sobre investigación cualitativa e sobre a metodoloxía de frases inacabadas (técnica individual que consiste en completar frases) e a técnica do diamante (técnica colectiva que provoca a reflexión grupal a partir das oracións anteriores).
- Acordar e deseñar o plan de traballo a desenvolver cos investigadores que seleccionen este proxecto.
- Recollida de información coa técnica de frases inacabadas.
- Desenvolvemento da técnica do diamante nunha montaxe.
- Elaborar as conclusións e describir as propostas de mellora.
- Elaborar o informe que inclúa a investigación desenvolvida.